


noso camiño teremos ocasión de aprender algo máis sobre a dinámica do río, as súas árbores e con algo de sorte, ver algúns dos animais que teñen aquí o seu fogar. Tamén poderemos visitar un par de muíños agochados entre a vexetación. E se o tempo acompaña, ao finalizar, poderemos gozar dun baño nas augas claras e frescas do río. En diferentes puntos do camiño teremos "caches" agochados, por iso recomendamos descargarse a App "c: geo" no móbil. Ademais haberá un mapa cos puntos marcados.

**Características:** 4,8 kms. Dificultade media; desnivel suave. Circular. Terreo irregular. Nalgún momento hai que esquivar algunha ramallada ou dar un pequeno salto para pasar algún pequeno obstáculo. Algún tramo pequeno de asfalto. Aconséllase calzado de camiñar e resistente á auga e roupa de baño.

**Ferramentas:** Xeocaching e mapa.  
**Hora:** 10:30 - 13:30 **Inicio:** Casa de pescadores, en Sobral. Coordenadas: -8,5575, 42,3402



## MÁIS INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓNS:

NA OMIX, Teléfono: 986 700 822,  
[www.soutomaior.com](http://www.soutomaior.com)  
[educacion@soutomaior.com](mailto:educacion@soutomaior.com)

## OBSERVACIÓNS:

Consultar posibles bonificacións en todas as actividades que teñen un custo.

Organiza:



Síguenos en Educacion Soutomaior

## Proxectos educativos

Abril/maio/xuño  
2017

### APRENDENDO EN FAMILIA: escola de pais e nais

#### Que é?

Un lugar de encontro entre todos/as buscamos estratexias para mellorar as nosas relacións en familia e aprender como facelo con éxito

#### Podemos asistir cos nosos fillos/as?

Si, haberá actividades para eles/as con monitores/as específicos.

#### PRÓXIMAS ACTIVIDADES:

##### 1º SESIÓN:

PROXECCIÓN do documental sobre diversidade funcionais "aprendices visuais" E,

CHARLA COLOQUIO con Alba Pérez Fernández Mestra e Psicopedagoga.

Traballou en centros de Educación Especial como titora de aula de nenos/as con TEA (Trastorno dentro do espectro autismo) e de "plurideficiencias". Actualmente compaxina a formación a docentes e o Gabinete Psicopedagóxico de Innova Educación Integral co seu traballo como titora de aula de educación especial no centro ordinario Santiago Apóstol de Soutomaior. Conta cun **Máster en Psicopedagoxa Clínica, Lingua de Signos, Psicomotricidade, PECs, Estimulación en Parálisis Cerebral, TEA, etc.**

**Data:** venres 21 de abril

**Hora:** 19,00 a 20,30 h

**Lugar:** Multiusos

## 2º SESIÓN:

### Charla:

**Tema:** O ACOSO ESCOLAR

**Data:** martes 30 de maio de 18,00 a 19,30

**Lugar:** CPI M. Padin Truiteiro

**Dirixida a:** familias e interesados/as en xeral.

**\*\*\*PÓDESE ASISTIR COS  
NENOS/AS, HABERÁ MONITORA  
PARA ELES/AS**

### COLABORAN:

CPI Manuel Padin Truiteiro.  
ANPA Nequeirós, Colexio Padin

## Tecnoloxía para mentes inquietas:

Este obradoiro de dirixido a alumnado de 2º e 4º da ESO; A programación deste obradoiro baséase en asumir pequenos retos suscitados en cada traballo cunha metodoloxía:

**Personalizada (APRENDE)**

**Baseada en proxectos (FAI)**

**Baseada no traballo (APLICA)**

**Baseada en competencias (AMOS)**

**As disciplinas a tratar serán:**

## Tecnoloxía: Electrónica | Robótica

materiais a utilizar: moss robotics, makeblocks, placas e compoñentes electrónicos e estruturais con arduino, littlebits.

**Sesións:** 19, 21 e 24 de abril no CPI Manuel Padin Truiteiro.

**Este programa está programado conxuntamente co centro** . Baseado nunha pedagogía que incorpora as ferramentas necesarias para complementar o traballo realizado polo profesorado para mellorar a xestión da aprendizaxe, co fin de provocar melloras académicas e de crecemento persoal.



**Roteiros medioambientais: coñece o teu Concello e arredores**

**Obxectivos:** coñecer os valores medioambientais do noso Concello da man dunha guía. Promover o senderismo como medio para estar en forma e aprender un pouco máis sobre a natureza e patrimonio que nos rodea. Educar en valores de respecto e coidado á natureza.

## 28 de MAIO: Roteiro: "Os recunchos de Aranza"



**Breve descrición:** vai percorrer as diferentes paisaxes de Aranza. Partiremos da zona máis baixa, a carón do río Oitavén e subiremos ata case 300m. É unha subida esixente, pero que se fai máis levadeira ao observar a beleza que nos rodea. Visitaremos os socalcos e algunha

zona de monte alto, teremos vistas aos canóns do Oitaven, camiñaremos entre muros antigos e poderemos remollar os pés nas pozas de Aranza, para regresar polas intrincadas rúas da zona.

**Características:** 9,3 kms. Circular. Dificultade media-alta; desnivel alto. Terreo irregular que pasa por variedade de camiños, estreitos, empedrados con auga... Aconséllase calzado de camiñar e resistente á auga.

**Tempo estimado:** 3 horas e media ou 4, dependendo do grupo.

**Ferramentas:** Mapa e brúxula. **Hora:** 10:30 - 13:30. **Inicio:** Ponte Aranza. Na zona de aparcamento que hai nas proximidades da ponte. Coordenadas: 42,340934,-8.544086

## 18 DE XUÑO: Roteiro: "Polas sendas da pesca"

**Breve descrición:** A ruta comeza na casa dos/as Pescadores/as que hai en Sobral e discorre todo o tempo a por ambas marxes do río Oitavén. No